



EUSKADI GALIZA CATALUNYA

COMPOSTELAKO ADIERAZPENA
DECLARACIÓN DE COMPOSTELA
DECLARACIÓ DE COMPOSTELA

COOPERACION CULTURAL DESDE A DIVERSIDADE

Os gobernos de Galiza, Euskadi e Catalunya estamos comprometidos coa revitalización e co desenvolvemento das nosas culturas e, aínda que representamos realidades socioculturais diferentes, a colaboración entre os tres poderes públicos e o contraste entre as nosas políticas culturais respectivas só poden redundar en beneficios para cada país. Os tres países posuímos experiencias, información e coñecemento para contrastar e compartir, ademais dunha lingua diferenciada.

Por todo iso, os tres gobernos manifestamos a nosa vontade de definir un marco de colaboración estable en materia de política cultural en dous campos amplos: o intercambio de información (sobre os respectivos sistemas de comunicación, o estudo da realidade cultural, as experiencias en indicadores culturais, a difusión de publicacións electrónicas, as experiencias en planificación cultural...) e a colaboración para a posta en marcha de observatorios e de programas compartidos, con carácter anual, en patrimonio cultural, artes ou industrias culturais.

As culturas catalá, galega e vasca son culturas integrais con capacidade plena de resposta ás necesidades expresivas das súas cidadanías pero atravesan, entre outras, por dous tipos de situacións. En primeiro lugar, as inherentes á aposta preferente dun Estado plurinacional de feito, pero non de dereito, por unha cultura e lingua de Estado esquecéndose das obrigas que dimanan do artigo 3.3 da Constitución en relación ás linguas distintas ao castelán que deberían ser “obxecto de especial respecto e protección”. En segundo lugar, as derivadas dun mundo marcado tanto pola globalización -cos seus consecuentes riscos e oportunidades para as nosas culturas e linguas nacionais- como pola diversidade cultural, tal e como ratifica a UNESCO.

As culturas das nacións sen Estado no caso español deben ser consideradas desde unha tripla perspectiva.

En primeiro lugar, a globalización fixo máis conscientes do valor das súas culturas ás comunidades históricas do Estado plurinacional español. Esas culturas e os seus idiomas foron as súas caixas de ferramentas ao longo da historia, conteñen a herdanza acumulada da experiencia dos seus pobos respectivos, así como un patrimonio a coidar, adaptar e desenvolver conforme ás esixencias dos tempos. É dicir, paralelamente ao fenómeno da globalización hai outros fenómenos, como son a localización, a descentralización ou a diversidade que tamén son tendencias fortes e capaces de proporcionar sentido a proxectos comunitarios particulares de futuro.

En segundo lugar, predomina aínda unha percepción da cultura ancorada na cultura simbólica de Estado que se definiu e construíu no século XIX. Unhas elites triunfantes no



EUSKADI GALIZA CATALUNYA

COMPOSTELAKO ADIERAZPENA
DECLARACIÓN DE COMPOSTELA
DECLARACIÓ DE COMPOSTELA

proceso de construción do Estado Nacional sobre un territorio (*nation building*) fixeron a súa aposta de sistema político, mercado, moeda, exército, cultura e lingua. Obviamente, as elites non inventaron a cultura, modelárona desde a opción por algunha das culturas de base preexistentes mentres a convertían, con poucos sincretismos, en cultura dominante. Outras culturas -a catalá, a vasca ou a galega, por exemplo- pasaban á condición de culturas subordinadas respecto dunha suposta cultura común; ou eran tratadas de non integrais ou pouco aptas para o mundo moderno; ou eran excluídas do espazo público; ou, nalgunhas épocas, eran prohibidas directamente. As prioridades políticas das elites taponaron as realidades culturais mentres se construía un Estado unitario que buscaba a homoxeneización interior tanto cultural como política.

En terceiro lugar, na era do coñecemento e dos valores inmateriais, o despregamento das nosas culturas é unha base de identificación, de cohesión, de recursos e de desenvolvemento territorial. No aspecto lingüístico, se moitas linguas fortes requiren promoción ante o empurre das linguas dominantes mundiais, que non terán que facer linguas como o eúscaro, o galego ou o catalán en situación diglósica? En culturas relevantes pero minorizadas coma as nosas, por ausencia de economías de escala, está máis que asegurada a entrada de grandes ondas de cultura transnacional, internacional e da cultura maioritaria do Estado nación. O difícil son as saídas para a produción propia, o acceso ao propio mercado de proximidade coas propias linguaxes e en condicións de igualdade. Por iso, a política de “excepción cultural”, ou mellor de política cultural da diversidade, non só é aplicable aos Estados (directivas sen fronteiras, leis do cine...) senón, con moito máis motivo, aos nosos países e os seus respectivos patrimonios lingüísticos e culturais.

Nas comunidades históricas, a identidade, o tamaño e a proximidade á cidadanía son puntos de partida que permiten operar simultaneamente en clave propositiva desde o cruzamento de varios criterios, e non só desde a diferenza cultural. Así xorden novos modelos integrais de desenvolvemento, eficientes e respectuosos coa cidadanía se se simultanean: unha *Gobernanza* participativa nas decisións; unha esixencia social de “Estado do Benestar”, máis acó da socialización da opulencia pero máis aló dunha mera política de mínimos contra a exclusión social; a estratexia de Goteborg sobre o Desenvolvemento Sostible; os acordos de Lisboa sobre a Sociedade da Información para todos; e a estratexia da Diversidade cultural de UNESCO.

Neste empeño, a cooperación cultural entre as comunidades de Euskadi, Catalunya e Galiza permite unhas economías de escala e un contrapeso horizontal á centralización da cultura e ao aínda vixente modelo vertical e radial de comunicacións tanto materiais (transporte, infraestruturas) como inmateriais (operadores dominantes de radio ou TV). Trátase de compatibilizar, nun Estado plurinacional, a ollada sobre a cultura propia coa cooperación aberta entre diversos, desde o dereito universal a enriquecer o mundo desde o local.



EUSKADI GALIZA CATALUNYA

COMPOSTELAKO ADIERAZPENA
DECLARACIÓN DE COMPOSTELA
DECLARACIÓ DE COMPOSTELA

Ánxela Bugallo, conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia

Miren Azkarate, conselleira de Cultura e voceira do Goberno Vasco

Joan Manuel Tresserras, conselleiro de Cultura i Mitjans de Comunicació da Generalitat de Catalunya